

ACTA Nº 23/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE XUÑO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 7 de xuño de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se traen actas a aprobación.

2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN

Dáse conta que nas resolucións núms. 288/10 e 290/10, do 2 de xuño, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga co obxecto de, posteriormente, ordenar o pagamento da publicación de anuncios no BOP, ordenar o pagamento de alugueres, asesoramentos e da protectora de animais.

Ademais, na resolución 291/10, do 3 de xuño, a Alcaldía avoco a competencia delegada á Xunta de Goberno para nomear presidenta substituta no tribunal que xulgaría o proceso selectivo para a contratación dun/ha educador familiar, por baixa da titular.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 65/10 – D. JOSÉ FERRADAS PIÑEIRO presenta estudo técnico para conservación e mantemento de cuberta en vivenda unifamiliar sita no lugar dos Barreiros, 1, do barrio da Ribeira – Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 12.05.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 3 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a interposición continua dun soporte de planchas de fibrocemento e cubrición de tella mixta.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	184,80 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.B) EXPTE. 72/10 – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN BLAS I, representada por D.^a Carmen Beneito Mora, presenta estudo técnico para colocación de planchas de fibrocemento e panel sandwich na cuberta do edificio existente na rúa Fragata Navas de Tolosa, nº 2, do barrio do Real – Tirán, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 18.05.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 3 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto colocando

unha nova capa de planchas de fibrocemento sobre a actual en mal estado na zona de trasteiros así como a interposición continua dun soporte de planchas de panel sandwich en zona de terrazas.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	343,17 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.C) EXPTE. 61/10 – D.ª MARÍA JOSEFA FERNÁNDEZ LAGO presenta proxecto de demolición de escaleiras, muro de contención e vaciado de solar para aparcamento, situado en Palmás nº 154, Domaio, de conformidade con proxecto presentado, redactado pola arquitecta técnica D.ª Sofía Rúa Piñeiro, visado o 14.05.2010. Lonxitude do muro: 19,18 ml, altura: 2,00 ml; vaciado do solar 39'29 m3, orzamento das obras 5.064,64 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 26 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: DEMOLICIÓN DE ESCALEIRAS, MURO DE CONTECCIÓN E VACIADO DE SOLAR (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación técnica presentada.**

Non precisa informes sectoriais.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	141,81 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.D) EXPTE. 66/10 – D. MARCOS ANTONIO CURRO SOMOZA presenta proxecto básico e execución de construción de piscina ao aire libre, no lugar da Xeira, 58-B, do barrio da Seara, redactado polo arquitecto técnico D. Alfredo de la Campa Fervenza, visado o 13.05.10

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 26 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PISCINA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non precisa informes sectoriais.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	113,82 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

4.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

EXPTE. 54/10 – D. MANUEL GERMADE SANTOS presenta proxecto de reparación de cuberta e conservación de vivenda, sita na Avda. Porta do Sol, nº 65, Meira-Moaña, redactado pola arquitecta técnica D.^a Sofía Rúa Piñeiro, visado o 4 de maio de 2010. Orzamento das obras: 11.835,75 €.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 3 de xuño de 2010, que literalmente di:

Nº EXPEDIENTE: 54/10

PETICIONARIO: MANUEL GERMADE SANTOS

ASUNTO: PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA E CONSERVACIÓN DE VIVENDA (OBRA MAIOR)

SITUACIÓN: AVDA. PORTA DO SOL, 65. MIRA

INFORME:

Non procede licenza.

A obra proxectada definida na memoria construtiva como reforzo de piso de baixo-cuberta formada por capa de compresión de 3 cms de espesor de formigón e mallazo constituen consolidación estrutural dunha obra fóra de ordenación por estar afectada polo sistema viario.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción.....	331,41 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparelador municipal.

5.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder as licenzas de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

5.A) EXPTE. 71/10 – D. JOSÉ CRUZ JÁUREGUI, solicita licenza municipal para obras de construción de cerramento de 13,85 ml, por 1,50 m. de alto, cun portal de entrada de 3,00 m a lindantes, a base de postes metálicos e malla a situar no lugar do Igrexario, 19, do barrio do Cruceiro – San Martiño, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza de acorda coa documentación presentada**

Non require informes sectoriais.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 38,78 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.B) EXPTE. 70/10 – D. MANUEL OTERO SANTOMÉ, presenta croquis para a construción dun muro de cerramento a lindeiros, nunha finca da súa propiedade situada en Berducedo, nº 126 – A Farría. Lonxitude do cerramento: 58,32 ml; alto: 1,50 ml. Orzamento: 860,54 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza de acorda coa documentación presentada**

Non require informes sectoriais.

Altura máxima será de 1,50 dende a rasante.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 24,10 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

6.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

6.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. JULIO MARTÍNEZ CORDEIRO, en representación de FUXONTIR, S.L., no que solicita licenza de primeira ocupación para a vivenda nº 2, das dúas vivendas unifamiliares que edificou en Ribeira – Meira, de acordo coa licenza do expte. nº 67/2007, (concedida pola XGL en sesión de data 27.04.2007).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 7 de xuño de 2010 que di:

ASUNTO: Solicitud de licenza de primeira ocupación para a vivenda nº 2

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitud de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Raúl Rey Fandiño, o día 18 de maio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 26 de maio de 2010; asinado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas o día 18 de maio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 28 de maio de 2010.
 - Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión aos sumidoiros.
 - Estado final da obra da vivenda número 2, asinada polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 28 de maio de 2010.
 - Documentación fotográfica
 - Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana.
- Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar núm. 2 dimanante da licenza en Expte. nº 67/2007, á súa promotora FUXONTIR, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

6.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D.^a MARÍA DEL PILAR GRAMARY ENTENZA no que solicita licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar no Caeiro– Meira, de acordo coa licenza do expte. nº 93/2004, (concedida pola XGL en sesión de data 21.06.2004).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 7 de xuño de 2010 que di:

ASUNTO: Solicitude de licenza de primeira ocupación

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Antonio Costas López, o día 30 de marzo de 2007, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 16 de maio de 2007; asinado polo arquitecto D. Antonio González Suárez-Llanos o día 16 de maio de 2007, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 16 de maio de 2010.
 - Documentación fotográfica
 - Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana.
- Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 93/2004, á súa promotora D.^a MARÍA DEL PILAR GRAMARY ENTENZA. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

7.- CORRECCIÓN DE ERROS

7.A) Na Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2010 aprobouse a seguinte licenza de obra:

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

...

2.B) EXPTE. 209/2008 – D. JOSÉ FERNÁNDEZ ROMÁN presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar e reparación da cuberta da vivenda, situada na Avda. José Costa Alonso, núm. 50, do barrio do Con – Moaña, redactado polo arquitecto técnico D José Buceta Amoedo, visado o 20.10.09,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 8 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenzadas obras de conservación definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo coas seguintes condicións:

Manter a tella plana.

Manterase a cor da pintura de fachada.

As obras serán de mera conservación da cuberta, quedando expresamente prohibido a substitución de elementos estruturais ao abeiro desta resolución, e non afectarán ao volume nin morfoloxía do inmovible.

Non poderán aumentar en altura o cume do tellado, nin o volume nin auperficie útil habitable do baixo-cuberta e manterase as pendentes actuais das vertentes do tellado.

Non se autoriza a apertura de bufardas nin novos ocos na cuberta e de facer novos remates das chemineas responderán aos tipos tradicionais, revestíndoas de pedra ou revocándoas e pintándoas.

As canles, baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, serán de sección circulares sen molduras a base de cinc, cobre, etc., prohibese expresamente o PVC

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

<i>Imposto s/construción.....</i>	<i>168,92 €</i>
<i>Taxas licenza urbanística.....</i>	<i>65,00 €</i>
<i>Cartel de obra</i>	<i>110,00 €</i>

O departamento de Urbanismo, por escrito do 7 de xuño de 2010, comunica que se advertiu erro no nº do expediente de obras transcrito, xa que se transcribiu 209/2008 cando o número correcto é expte. **209/2009, e propón a súa corrección.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se proceda á corrección do erro no acordo do día 15 de marzo de 2010 para que se recolla o nº correcto do expediente de obras: **209/2009.**

7.B) Na Xunta de Goberno Local do 26 de abril de 2010 adoptouse o seguinte acordo sobre licenzas de primeira ocupación:

...

6.B) *O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. Manuel Castiñeira Espasandin como administrador da entidade RESIDENCIAL SEARA, S.L. no que SOLICITA Licenza de primeira ocupación para edificio de 12 vivendas, dous sotos a garaxes e trasteiros e planta baixa con 2 locais comerciais, na rúa Ramón Cabanillas, 135, pertencente á licenza de obra Expte. nº 279/2005, concedida pola XGL en sesión de data 03.10.2005.*

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 23 de abril de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO DE DOUS SOTOS, PLANTA BAIXA, TRES PLANTAS E PLANTA BAIXO CUBERTA, PARA GARAXES, LOCAIS COMERCIAIS E DOCE VIVENDAS.

INFORME: *Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.*

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 23 de marzo de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 29 de abril de 2009; asinado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. José Díaz de la Iglesia, o día 23 de marzo de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 7 de maio de 2009.

Certificado de illamento acústico favorable para o desenrolo da actividade, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, VIROCEM, S.L.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 1.330,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de 2 sotos, planta baixa, tres plantas e baixo cuberta, para garaxes, locais comerciais e doce vivendas, na rúa Ramón Cabanillas 135, dimanante da licenza en Expte. nº 279/2005, á súa promotora RESIDENCIAL SEARA, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

O técnico municipal advertiu erro na transcripción do seu informe, xa que o proxecto foi redactado por D. José Díaz de la Iglesia unicamente, e non por D. Rafael Oliveira Souto, e **propón a súa corrección** para que se recolla no texto do acordo, no seu informe, que o proxecto foi *asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, o día 23 de marzo de 2009; e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 7 de maio de 2009...*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se proceda á corrección do erro no texto do acordo do día 26 de abril de 2010, para que se recolla que o proxecto foi *asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, o día 23 de marzo de 2009; e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 7 de maio de 2009[...]*

8.- RECOÑECIMIENTO DE OBRIGA

UTE MORRAZO presenta no rexistro do Concello, o día 19 de maio de 2010, a súa factura 01/2010, do 14.05.2010, en concepto de *importe correspondente á obra executada en outubro 2007 que se acredita na Acta de comprobación da obra executada: 'Modificación do paso da tubería xeral procedente de Vigo e baixante do depósito de Ameixoada en Casal'*, pola contía de 34.141,19 euros (ive incluído).

Visto o informe do interventor municipal do 7 de xuño de 2010, no que emite informe de reparo ao recoñecemento da obriga derivada da liquidación do contrato de Modificación do paso da tubería xeral procedente de Vigo e baixante do depósitos da Ameixoada no Casal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: levantar o reparo emitido no informe do interventor municipal por: a) entender que a realización do concepto polo que se factura está suficientemente acreditada na Acta de comprobación; b) pola imposibilidade de acometer a totalidade das obras pola non autorización da administración autonómica –causa non imputable á empresa- e, c) para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de 34.141,19 euros a favor da U.T.E. Morrazo (Dragados – O.C.A.), con cargo á partida 1610 60906 RC 907, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

9.- SOLICITUDES DE ANTICIPOS REINTEGRABLES

9.A) D.^a Rosa M^a Fervenza Gestido, traballadora laboral fixa do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extingue a súa relación laboral co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que a traballadora non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal laboral dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe favorable do interventor municipal do 2 de xuño de 2010,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D^a Rosa M^a Fervenza Gestido o anticipo solicitado de 1.800 euros, reintegrables en 24 mensualidades, con cargo á partida 9200.83090.

9.B) D.^a M^a Eugenia Barcia García, traballadora laboral eventual do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extingue a súa relación laboral co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que a traballadora non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal laboral dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe do interventor do 7 de xuño de 2010 no que indica que a cantidade solicitada e o prazo é conforme co convenio colectivo do persoal laboral, e no que indica que o expediente deberá ser completado con informe no que se determine se entre as prazas incluídas na oferta de emprego público dos anos 2007 e 2008 se atopa a ocupada interinamente por dona María Eugenia Barcia García,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

Visto que as Ofertas de Emprego Público de 2007 e 2008 non sinalan ningún posto específico a ocupar entre os cubertos con persoal temporal.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D^a M^a Eugenia Barcia García o anticipo solicitado de 1.800 euros, reintegrables en 24 mensualidades, con cargo á partida 9200 83090 – RC 963.

9.C) D.^a Carmen Lorenzo Fandiño, traballadora laboral eventual do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extingue a súa relación laboral co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que a traballadora non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal laboral dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe do interventor do 2 de xuño de 2010 no que indica que a cantidade solicitada e o prazo é conforme co convenio colectivo do persoal laboral, e no que indica que o expediente deberá ser completado con informe no que se determine se entre as prazas incluídas na oferta de emprego público dos anos 2007 e 2008 se atopa a ocupada interinamente por dona Carmen Lorenzo Fandiño,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

Visto que as Ofertas de Emprego Público de 2007 e 2008 non sinalan ningún posto específico a ocupar entre os cubertos con persoal temporal.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D^a Carmen Lorenzo Fandiño o anticipo solicitado de 1.800 euros, reintegrables en 24 mensualidades, con cargo á partida 9200 83090.

10.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA NA POLICÍA LOCAL DE MOAÑA

En data 10 de maio de 2009, esta Alcaldía-Presidencia acordou adxudicar provisoriamente o contrato de servizos de implantación de sistema de xestión informática na policía local de Moaña á Empresa HUMAN SOFT S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

- a) Prezo sen IVE: 33.330,00 euros.
- b) IVE: 5.332,80 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 38.662,80 euros.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 18 de maio de 2010.

O acordo de adxudicación provisoria foi publicado no perfil do contratante do órgano de contratación o día en data 14 de maio de 2010.

En data de 25 de maio de 2010, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 1.666,50 euros. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, e ca Seguridade Social e nova declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.

De conformidade co previsto no artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de servizos de implantación do sistema de xestión informática na policía local de Moaña á Empresa HUMAN SOFT S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada, entre as que se inclúe dúas persoas de nova contratación para a prestación do servizo:

- a) Prezo sen IVE: 33.330,00 euros.
- b) IVE: 5.332,80 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 38.662,80 euros.

SEGUNDO.- Requerir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato.

TERCEIRO.- Nomear ao Concelleiro de Servizos, D. Víctor Manuel Pastoriza Lino responsable do contrato.”

CUARTO.-Publicar este acordo no BOP e no perfil do contratante do órgano de contratación e notificalo ao adxudicatario e demais licitadores.

11.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA NO CONCELLO DE MOAÑA (1ª FASE)

En data 2 de xuño de 2010, a Mesa de contratación constituída na licitación do contrato de servizos para a implantación do sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase) celebrou a última sesión ás 12,00 horas, emitindo proposta de adxudicación, proposta que se recolle na Acta da Mesa que se expón a continuación:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Moaña, a 2 de xuño de dous mil dez.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 12:00 horas, réunese a Mesa de Contratación para contratar o servizo de implantación de sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase) integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, e D. Víctor Manuel Pastoriza Lino, representante do PSOE, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. José Antonio Graña Santaclara, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Trasladouse a día de hoxe a Mesa de Contratación para proceder a valorar o informe así como para, no seu caso, proceder a valorar as ofertas económicas e demais documentación aportada polas empresas concorrentes na citada licitación que é valorable segundo os pregos.

En primeiro lugar se procede á lectura do informe emitido por D. Raúl Fernando Rodríguez Rubio, Doutor Enxeñeiro de Telecomunicacións (especialidade de telemática) pola Universidade de Vigo, para determinar se a documentación aportada polas empresas licitadoras no Sobre B (Plan de Implantación, Plan de Formación, Plan de Calidade...) é suficiente, conforme ás esixencias dos pregos, e xustificativa do cumprimento dos fins pretendidos con este contrato:

“Como resposta á solicitude que me fai D. Victor Pastoriza, tenente alcalde do concello de Moaña, para avaliar as propostas/proxectos presentados para a

implantacións dun sistema de xestión informática no concello de Moaña, fágolles chegar este breve informe que recolle a miña opinión e análise ao respecto.

As propostas revisadas, presentadas respectivamente polas empresas “Coremain” e “Human Soft”, son practicamente equivalentes cubrindo perfectamente as funcionalidades esixidas na convocatoria. Asemade, os equipos (persoal) propostos para o seu desenvolvemento parécenme axeitados e, a priore, o tempo de execución proposto viable.

Entrando un pouco máis en detalle, no relativo ás funcionalidades, ambas empresas incorporan ás ferramentas básicas (registro, arquivo, Xestión de Expedientes) a aplicación “LocalWeb”, según dúbida o máis interesante dos posibles engadidos. A empresa Coremain tamén ofrece a instalación da ferramenta LocalGis.

En canto aos plans de formación e control de calidade, obxectivo fundamental polo que son consultado, unha vez máis as propostas son parellas, aínda que aquí a incorporación por parte de “Human Soft” da plataforma Moodle (software libre) no seu plan de formación paréceme un acerto dun valor engadido importante xa que, hoxe en día, a formación “Online” é un complemento case obrigado na difusión e refresco de coñementos. Ademais, o uso de Moodle polo persoal do concello -e incluso pola veciñanza- pode entenderse en calquera momento a moitas outras actividades de formación.

Sen máis reciban un afectuoso saúdo, e quedo a súa disposición para calquera análise máis detallada que quixesen.”

Seguidamente, entendéndose que queda acreditada a suficiencia da documentación aportada, a Mesa procede a valorar as ofertas económicas e demais documentación aportada que é valorable segundo os pregos, Anexo 2.2 reflectindo o seguinte resultado:

Valoración ofertas de Implantación de sistema de gestion informatica en el ayuntamiento de Moaña:

Oferta HUMAN SOFT

Orzamento. Maximo 32.598 € Iva incluido. Ata 51 Puntos	30415,2		51
Solucion SW	Si, detallada		
Plan implantacion	Si, detallada		
Servidor HW	Si . detallado		
Solucion Tecnologica Propuesta			10
Mejora Avanza			

Localweb (4 puntos)	Si, con integracion SIGEM		4
Padron (3 puntos)			
Localgis (3 puntos)			
Otras mejoras	Nuevo motor de Workflow. Personalización imagen de la plataforma. Mejora en oferta de formación. Implantación software libre. Evolución continua sistema SIGEM	No valora	
Plan de calidad	Si, detallado		
Plan de Formacion Propuesto	Si. detallada. Informática básica, Plataformas y Formación en linea		10
Recursos Humanos	5 personas.	No valora	
Trabajadores de nueva contratación	2 persoas		10
Plazo de ejecucion. Maximo 9 meses. Reducción del plazo de ejecución.	Si. Ofertan 5 meses		9
Procedementos Standar	Si 16		
+ Procedementos	Si 9	Non se valora	
TOTAL			94 P

Oferta COREMAIN

Orzamento. Maximo 32.598 € Iva incluido. Ata 51 Puntos	32.480,00 €		2,76
Solucion SW	Si, detallada		
Plan implantacion	Si, detallada		
	Ofrecen migracion de datos	No valora	
Servidor HW	Si . Detallada.		
Solucion Tecnologica Propuesta			10
Mejora Avanza			
Localweb (4 puntos)	Si,		4

Padron (3 puntos)	Si, pero todavia no esta disponible	0	3
Localgis (3 puntos)	Si	0	3
Otras mejoras	Nuevo motor de Workflow. Personalización imagen de la plataforma. Mejora en oferta de formación. Implantación software libre. Evolución continua sistema SIGEM	No valora	
Plan de calidad	Si, detallado		
Plan de Formacion Propuesto	Si. detallada. Informática básica, Plataformas y Formación en linea		10
Recursos Humanos	6 personas.		
Trabajadores de nueva contratación			
Plazo de ejecucion. Maximo 9 meses. Reducción del plazo de ejecución.	Si. Ofertan 5 meses		9
Procedementos Standar	Si 16		
Garantia	12 meses	Non se valora	
Traballos similares	Si, varios	Non se valora	
TOTAL			41,76 P

De acordo con esta valoración, e o informe requerido, a Mesa de Contratación, acorda, por unanimidade dos asitentes, **propor á Xunta de Goberno**, como órgano de contratación **a adxudicación do contrato de servizos** de implantación de sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase) **á Empresa HUMAN SOFT S.L.**, cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

- a) Prezo sen IVE: 26.220,00 euros.
- b) IVE: 4.195,20 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 30.415,20 euros.

Tamén inclúe dúas persoas de nova contratación para a prestación do servizo.

Quedan unidas ao expediente a proposición económicas presentadas, e admitidas.
O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión s 12,30 horas.”

Vista a proposta da Mesa de Contratación e por unanimidade dos presentes, a Xunta de Goberno ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de servizos de implantación de sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase) á Empresa HUMAN SOFT S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada, entre as que se inclúe dúas persoas de nova contratación para a prestación do servizo:

- a) Prezo sen IVE: 26.220,00 euros.
- b) IVE: 4.195,20 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 30.415,20 euros.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 30.415,20 euros con cargo á partida 9200.62601 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos dez días hábiles seguintes á data da notificación deste acordo aporte a documentación requirida no apartado 21 dos pregos, en caso de non telo presentado con anterioridade, acreditación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e Seguridade Social, declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 1.311,00 euros.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no Perfil do contratante e notificalo aos licitadores.

12.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN, CONTRATACIÓN ARTÍSTICA, PRODUCCIÓN E PUBLICIDADE DA XXVI EDICIÓN DO FESTIVAL INTERCÉLTICO DO MORRAZO

Examinado o expediente incoado, por providencia da Alcaldía de data 26 de maio deste ano, para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, do contrato de servizos para a prestación do servizo de organización, contratación artística, produción e publicidade da XXVI edición do Festival Intercéltico do Morrazo, e que conta cun importe de execución por contrata que ascende a CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS

EUROS E SESENTA CÉNTIMOS (49.996,60 €). (42.370,00 + 7.626,60 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal.

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por mediante procedemento negociado sen publicidade, visto tamén, o cadro de características do Contrato.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO: Levantar o reparo da Intervención Municipal, emitido en informe de data 7 de xuño de 2010, por entender suficientemente xustificado no expediente a declaración de urxencia, a xustificación das razóns obxectivas da contratación e por entender correcto a fixación do prazo de pago por realizarse o primeiro pago logo da sinatura do contrato e tratarse de un pago a conta do servizo a prestar.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, ratificando a tramitación urxente do expediente polas razóns de perentoriedade expostas, para a adxudicación do contrato de servizos de organización, contratación artística, produción e publicidade da XXVI edición do Festival Intercéltico do Morrazo, e que conta cun importe de execución por contrata que ascende a CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS E SESENTA CÉNTIMOS (49.996,60 €). (42.370,00 + 7.626,60 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- MEDIA ARTICKET S.A.
- SARAIBA PRODUCIÓNS.
- NONSI, SERVIZOS CULTURALS S.L.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 49.996,60 euros con cargo á partida 3340.22609 do orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

13.- BASES PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE SALVAMENTO EN PRAIAS DO CONCELLO DE MOÑA E A SÚA CONVOCATORIA.

Vista a redacción das bases que han rexer a confección dunha lista para a contratación de persoal para o servizo municipal de salvamento en praias

CONVOCATORIA DE LISTA DE TRABALLO PARA O SERVIZO
MUNICIPAL DE SALVAMENTO EN PRAIAS DO CONCELLO DE MOAÑA.
2010.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.- É obxecto da presente convocatoria a elaboración dunha lista de traballo para a contratación de:

- Coordinador- xefe de praias. Retribución mensual bruta: 1.275,55
- Socorristas Acuáticos. Retribución mensual bruta: 1.061,40
- Patróns- auxiliares socorristas. Retribución mensual bruta: 1.013,09

As contratacións realizaranse mediante contrato por obra ou servizo de 3 meses de duración. A inclusión na lista non implica obrigatoriamente a contratación das persoas baremadas, podendo ó concello utilizar outros procesos selectivos para a cobertura dos postos existentes

2ª.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES: Para tomar parte nesta convocatoria será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- a) Ser español. Nacionais dos demais estados da U.E. e estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións acreditando a súa nacionalidade ou residencia mediante a tarxeta acreditativa da súa identidade expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- b) Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- c) Estar en posesión das titulacións seguintes para cada posto de traballo:
 - Coordinador e socorristas: Técnico en Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios ou Socorrista Acuático.
 - Patrón- aux.socorrista: Licenza Federativa para embarcacións ata 6 metros de eslora ou título de Patrón de Embarcacións de Recreo ou titulación superior.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, no prazo dos 5 días hábiles seguintes ao da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e nun diario de edición provincial.

Os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaracións xuradas de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartado e) sen prexuízo de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen (títulos de cursos, contratos, nóminas...)
- Vida laboral actualizada.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará integrado polos seguintes membros.

Presidente:

- Carmen Pérez García. Orientadora laboral.

Vogais:

- Eugenio Costa Diz.
- Gloria Chapela Lemos
- José Martínez Santomé

Secretario:

- O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

O tribunal poderá nomear asesores, caso de consideralo preciso.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

1. VALORACIÓN DE CURRÍCULOS, 30% da puntuación, valorándose os méritos seguintes:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 1,50 puntos.

Socorristas: Por cada 6 meses de traballo como socorrista, coordinador ou xefe de praia en servizos de salvamento e socorrismo en praias..... 0,2 puntos.

Patrón- aux.socorrista: Por cada 6 meses de traballo en posto igual ao que aspira.....0,2 puntos.

- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 1,50 puntos.

Por cada curso dos que a continuación se relacionan, expedidos ou homologados por organismos oficiais, e excluindo o necesario para acceder á praza: 1,00 puntos por curso.

Socorristas: Licenza Federativa para embarcacións ata 6 metros de eslora ou título de Patrón de Embarcacións de Recreo ou titulación superior. Título de mergullador.

Patrón: Técnico en Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios ou Socorrista Acuático. Título de mergullador.

Por calquera outro curso directamente relacionado coa categoría á que se opta, impartidos, organizados ou homologados por organismos oficiais dependentes de calquera administración pública: 0,10 puntos cada 10 horas de formación. Se non se acredita a duración entenderase de ata 10 horas.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título. Non se valorará en ningún caso a titulación esixida como requisito de acceso.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 3 puntos.

2. EXAME TIPO TEST, 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non

restan. O exame versará sobre as materias que figuran como anexo a estas bases.

3. PROBA PRÁCTICA, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

Coordinador e socorristas: Realización dunha proba física no mar.

A proba consiste en correr 100 metros pola area, despois entrada a auga e nado duns 100 metros ata rodear unha boia, a continuación volta á praia con mergullo (somerxerse 10 metros rescatando un afogado) e aproximación á praia con remolque 35 m sen que a auga pase por riba das vías respiratorias.

O tempo contarase a partires do primeiro aspirante en pasar pola meta, que obterá a puntuación máxima de 3 puntos. A partires do primeiro aspirante as puntuacións serán as seguintes:

Tempo /homes	Ptos.	Tempo/ mulleres	Ptos.
+ 2 segundos	2,70	+ 4 segundos	2,70
+ 4 segundos	2,40	+ 6 segundos	2,40
+ 6 segundos	2,10	+10 segundos	2,10
+10 segundos	1,80	+15 segundos	1,80
+15 segundos	1,50	+30 segundos	1,50
+30 segundos	1,20	+ 40 segundos	1,20
+ 40 segundos	0,90	+ 50 segundos	0,90
+ 50 segundos	0,60	+ 60 segundos	0,60
+ 60 segundos	0,30	+ 70 segundos	0,30
Mayor tempo	0	Mayor tempo	0

Patrón- auxiliar de socorrista: Realización dun exame práctico de Navegación e técnicas de rescate en embarcacións. Realizarase dúas das seguintes técnicas:

- Aproximación e técnicas de extracción dun accidentado do auga.
- Abordaxe e remolque dunha embarcación.
- Entrada e saída rápida en praia
- Colocación dun accidentado na embarcación.
- Entrada en praia cun accidentado.
- Colocación da embarcación varada na praia.
- Caída do socorrista o auga (patrón sentado no bulbo de babor).

SEXTA: CUALIFICACIÓN FINAL E ELABORACIÓN DA LISTAXE

A cualificación obtida polos aspirantes será a resultante da suma da puntuación obtida nos distintos exercicios.

O tribunal elaborará unha listaxe de maior a menor puntuación para socorristas e outra para patróns-auxiliares. O socorrista que obteña a maior puntuación será

proposto para ocupar o posto de coordinador-xefe de praias. Se este renunciara, ofrecerásele ao seguinte e así sucesivamente.

O resto dos aspirantes pasarán a formar parte dunha lista, de cara a cubrir posibles prazas vacantes ou substitucións, no Servicio de Salvamento, pola súa orde de puntuación. De producirse prazas vacantes no Servicio de Salvamento serán ocupadas a través desta listaxe.

En caso de empate entre os aspirantes ordenarase a listaxe, outorgando preferencia ás persoas pertencentes a colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

1. Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia.
2. Menores de 30 anos.
3. Desempregados de longa duración.
4. Persoas discapacitadas. Sempre que a súa discapacidade no impida o desenvolvemento do traballo a realizar.
5. Desempregados maiores de 45 anos.
6. Persoas en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios do RISGA.

SETIMA: PRAZOS.

Presentación de documentación: Cinco días hábiles seguintes dende a publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello.

Listado provisional de admitidos e excluídos e valoración de currículos: Dous días hábiles seguintes dende o remate do período de presentación de instancias.

Período de alegacións: Dous días hábiles seguintes ao listado provisional.

Exames tipo test e probas prácticas: O lugar e data publicarase conxuntamente co listado definitivo de admitidos e excluídos e valoración definitiva de currículos.

Alegacións: Dous días hábiles tras a publicación da listaxe definitiva

OITAVA: PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña en un xornal de tirada provincial.

NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de

xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de selección da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

ANEXO

MATERIAS PATRÓN-AUXILIARES SOCORRISTAS

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2: Partes básicas dunha embarcación semirixida.

Tema 3: Expresións usadas en navegación. Nos mariñeiros. Ancoras.

Tema 4: Equipamento e mantemento mínimo da embarcación

Tema 5: Motor foraborda

Tema 6: Colocación de tripulantes a bordo.

Tema 7: Atraque, desatraque e fondeo.

Tema 8: Navegación. Abordaxe e remolque.

Tema 9: Manobras de aproximación e rescate a un accidentado.

Tema 10: Medidas de seguridade e sinalización en praias.

Tema 11: Funcionamento con equipos de comunicación

MATERIAS SOCORRISTA.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2: Prestación de primeiros auxilios ao accidentado e principio xerais do salvamento acuático.

Tema 3: Secuencia de actuación no salvamento acuático.

Tema 4: Técnicas de entrada na auga. Flotacións. Técnicas de nado adaptadas. O mergullo.

Tema 5: Técnicas de control e zafaduras.

Tema 6: Técnicas de remolque directas.

Tema 7: Técnicas de utilización do material de rescate.

Tema 8: Técnicas para o rescate de accidentados de columna.

Tema 9: Técnicas de respiración artificial no medio acuático.

Tema 10: Técnicas de extracción de accidentados.

Tema 11: Comunicaci3ns.

Visto o informe da Secretaría municipal de data 2 de xuño de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases e a súa convocatoria e remitir o anuncio ao diario Faro de Vigo.

14.- LISTAS INFORMADORES TURÍSTICOS

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de abril de 2010 aprobáronse, por unanimidade das persoas asistentes, as bases para que se confeccione unha lista para posibles contratacións de traballador/a para a oficina de información turística.

Vista a acta que presenta o secretario do tribunal de data 27 de maio de 2010:

En data 27 de Maio do 2010, ás 10 horas, reunense os membros do tribunal para levar a cabo as probas que daran lugar a unha lista de informadores/as turisticos do Concello de Moaña

Presidente: Maria Torea Priegue – Técnica Local de Emprego

Vocais:

Carmen Perez Garcia -Orientadora Laboral

Angeles Cabeiro dopico- Delegada sindical

Rosa Maria Garcia Garcia (Profesora de ingles) (DNI 2754000E)

Secretario: Jose Rodriguez Veloso

Procedese a realización da proba tipo test os aspirantes admitidos, consistente en vinte preguntas con tres respostas das que unha a verdadeira, vinte minutos de tempo, cada duas respostas mal contestadas restan unha ben, a puntuación pode acadar ata o 40% do total.

Unha vez rematado e pola profesora de inglés elaborase a correspondente proba de traducción do galego o inglés.(A puntuación pode acadar ata un 30% do total de puntos.

Corrixese o test e a proba de inglés e os resultados finais son

APELIDOS E NOME	VALORACION CURRICULOS	Proba test	Idioma	Total
ALVAREZ FANDIÑO, IRIA	2,34 puntos	3,2	1,2	6,74
CANCELAS GARGAMALA, LILIANA	1,40 puntos	1	1	3,4
CORTIZO COUSO, NOELIA	0,80 puntos	Non presentada		
CURRA PÉREZ, Mª MATILDE	0,40 puntos	0,6	0	1
LEITES CORDEIRO, NICOLE	0,20 puntos	1,8	0,6	2,6
OTERO AGULLA, SORAYA	2,53 puntos	1,8	2	6,33
RODRIGUEZ FERVENZA, EVA	1,50 puntos	1,8	0,5	3,8
RODRIGUEZ GONZALEZ, MÓNICA	2,88 puntos	2,8	0,7	6,38
RODRIGUEZ MARTINEZ, LIDIA	1,46 puntos	2,4	0,7	4,56
SANTOMÉ LEMOS, DIANA	0,80 puntos	2,2	1,4	4,4
VALLADARES HERBELLO, JOSEFA	2,52 puntos	2,4	2,1	7,02
IGLESIAS GRAÑA CARMEN MARIA	1,5	0,6	0	2,1

Acordase un periodo de reclamacións do 31 de maio o 1 de xuño.

Rematase ás 12,30 horas de todo o cal eu como Secretario dou fê.

Vista a proposta do tribunal do 4 de xuño de 2010 que di:

Ante a falla de reclamacións a puntuación total de cada un dos aspirantes, dánse por bos os resultados reflexados na acta anterior, quedando a lista do xeito seguinte

JOSEFA VALLADARES HERBELLO.....	7,02
IRIA ALVAREZ FANDIÑO.....	6,74
MONICA RODRIGUEZ GONZALEZ	6,38
SORAYA OTERO AGULLA.....	6,33
LIDIA RODRIGUEZ MARTINEZ.....	4,56
DIANA SANTOME LEMOS.....	4,40
EVA RODRIGUEZ FERVENZA.....	3,80

LILIANA CANCELAS GARGAMALA.....	3,40
NICOLE LEITES CORDERO.....	2,60
MARIA CARMEN IGLESIAS GRAÑA.....	2,10
MARIA MATILDE CURRA PEREZ.....	1,00

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e unha vez rematado o proceso de selección, acorda aprobar a listaxe para posibles contratacións de traballador/a para a oficina de información turística.

15.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO”

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO* e designar como coordinador de seguridade e saúde a D. José Luis Domínguez González.

16.- TRÁFICO

16.A) D. Plácido Santomé Barbosa, por escrito do 3 de maio de 2010, expón que reside na rúa Villa de Madrid, zona que recentemente se levou a cabo unha obra de humanización, e que ao pintar as prazas de aparcamento afectouse o seu vado, xa que cando se aparca nalgún extremo ou fronte a el, o garaxe queda totalmente inutilizado. Solicita que se tomen as medidas oportunas revisando o pintado de tal forma que poda acceder e saír do garaxe con total garantía e seguridade.

Visto o informe da Policía local do 7 de maio de 2010, conformado pola concelleira delegada, que logo de inspeccionar as prazas de estacionamento da rúa Vila de Madrid, á altura do garaxe núm. 13, indica que *sería necesario reducir medio metro o final da sinalización horizontal do estacionamento, para garantir o acceso a dito garaxe (xa que como está sinalizado actualmente a manobra de entrada é moi dificultosa). Que igualmente habería que reducir o seguinte comezo da sinalización horizontal do estacionamento un metro de distancia (xa que a manobra de saída do garaxe e incorporación o carril de circulación é moi complicada).*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se modifique o pintado solicitado nos termos indicados no informe da Policía local.

16.B) Visto o informe do 7 de maio de 2010 da Policía local, presentado pola concelleira delegada, que indica que realizada a inspección ocular da praza de estacionamento da rúa Vila de Madrid, entre os garaxes núms. 3 e 5, *sería necesario reducir un metro dito estacionamento (o lado do núm. 3), xa que para os turismos a manobra de saída do garaxe é moi dificultosa, e que si procedería neste lugar un*

estacionamento destinado para ciclomotores e motocicletas (xa que reducindo o espazo actual, tería unhas dimensións reducido para un turismo).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se reduza a dimensión da praza de aparcamento situada entre os números 3 e 5 da rúa Vila de Madrid, e que se destine a ciclomotores e motocicletas para permitir o acceso e saída do garaxe, segundo se recolle no informe a Policía local.

17.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
MARÍA CELESTE NÚÑEZ CASTELO	Saneamento, uso doméstico	Regueira, 76 Casal	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MARÍA YOLANDA CASTIÑEIRA RÚA	Saneamento, uso doméstico	José Abal, 19 - Meira	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
FRANCISCO SOTO CASTAÑO	Saneamento, uso doméstico	Costa do Latón, 298	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.